

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

**CERTIFICA:**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 20 de decembro de 2019, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto:** *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable con criterios de valoración automática presentada polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reparación da cuberta e fachada do auditorio do centro Príncipe Felipe” (Expte.-2019039839).*

O Secretario informa ós asistentes das valoracións correspondentes ós criterios non automáticos (Sobre A) acadada polas empresa presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reparación da cuberta e fachada do auditorio do Centro Príncipe Felipe” e que é a seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRES “A”
COVISAM NORTE, S.L.	21,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	21,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Presidente e o Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante ás súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B”, correspondentes ós criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da deandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
COVISAM NORTE, S.L.	189.880,00	3%	36	NON	NON



<b>LICITADORES</b>	<b>OFERTA ECONOMICA</b>	<b>CONTROL CALIDADE</b>	<b>PRAZO DE GARANTIA</b>	<b>UNE-EN ISO 9001</b>	<b>UNE-EN ISO 14001</b>
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	198.239,42	3%	36	SI	SI

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, a 20 de decembro de dous mil dezanove

